

Departamento de Madeira. IES de Melide

Proxecto Leonardo de Asociacións da Unión Europea

A construción en madeira e a eficiencia enerxética da bioconstrución

<http://woodergy.wordpress.com/>

Proxecto formativo de dous anos (2013-2015) para profesores que ten como finalidade aprender sobre os temas propostos e coa tarefa de preparar material didáctico que permita incluír o aprendido nas ensinanzas dos nosos alumnos.



Foto 1: Logotipos do proxecto Leonardo da Vinci

As institucións participantes son a ufaFabrik e a Knobeldorff-Schule de Berlín, os centros de FP Tradium de Dinamarca e o CFPIMM de Portugal e o IES de Melide.






Foto 2: Recibindo unha clase maxistral dun profesor da Universidade técnica de Berlín.

Os socios facemos visitas formativas aos outros países xa que cada un de nos temos un apartado do tema xeral para desenvolver e que despois debemos mostrar aos compañeiros. Tamén se fan visitas a lugares onde se teñen feitas experiencias en bioconstrucción ou a empresas que traballan no sector.



Foto 3: En Randers, Dinamarca, visitamos exemplos de construcións ecolóxicas.

O noso traballo práctico consistirá na construción dun módulo didáctico a partir da reutilización dun vello contenedor marítimo como almacén de madeira para o ciclo de carpintaría do IES. O contenedor será acondicionado para cumprir a súa finalidade seguindo certas esixencias de temperatura, humidade e ventilación do seu interior.



Foto 4: Emprazamento do contenedor



Foto 5: Proposta de acondicionamento de contenedor presentada polo IES de Melide

Os conceptos aplicados serán: a construción en madeira, as cubertas vexetais, os illantes ecolóxicos, a sustentabilidade, a protección da madeira, a reciclaxe e a paisaxe.

Estes temas serán tamén presentados nun seminario público organizado polo CFPIMM no mes de xuño en Lordelo, Portugal.



Foto 6: Modelo sobre illantes ecolóxicos presentado por Tradium

Temos outro contenedor no IES que servirá de almacén de material que non necesita condicións climáticas tan específicas como as que son obrigadas para a correcta conservación da madeira. A Universidade técnica de Berlín, na visita dos socios a Melide en outubro, vai instalar aparellos de medición en ambos os dous contenedores para así acreditar a eficiencia enerxética das solucións e os materiais elexidos.



Foto 8: Segundo contenedor